



GALEGO PODE SELO CALQUERA

Un show de Alberte Montes

SINOPSE

Ser galego é doado? Depende.

Os galegos temos un xeito de ser característico e diferenciado doutros pobos e culturas que nos rodean. Historicamente teñen empregado os tópicos para ridiculizarnos e mofarse de nós, feito que explicaría en parte que arrastremos algo de auto xenreira. Eses tempos foron pasando e agora xa somos quen de defendernos con orgullo dese estigma combatendo aos ignorantes, ríndonos dos propios defectos e chufando das nosas diferenzas.

Ata non hai moito pensábase que a baixa auto estima dos galegos era crónica pero Alberte Montes demostráranos dende o humor que non é así. Este mal ten cura e poderedes comprobalo. Ser galego non é só pararse na escaleira e facer crer á xente que non sabemos se subimos ou baixamos, para ser galego hai que reunir moitas máis aptitudes... entre elas, falar con orgullo a lingua de Rosalía.

DURACIÓN

80-90 minutos

NECESIDADES TÉCNICAS

Luz estándar para espectáculo teatral unipersoal e equipo de son básico (800-1000 W) Ideal micro de diadema. Alternativa: micro inalámbrico.

Tarima ou escenario duns 4 metros cadrados aprox.

GUIÓN

© Xosé Manuel Fernández & Alberte Montes

ALBERTE MONTES

Formado no Estudi Nancy Tuñón i Jordi Oliver de Barcelona, segue ampliando os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, cásting, clown ou loita escénica.

En teatro acumula dezoito anos como profesional, xirando por España –sendo Galicia a comunidade onde máis traballou- en compañía e con espectáculos propios de stand up comedy. Neste xénero de comedia cómpre dicir que formou parte do elenco de cómicos da canle Comedy Central, onde gravou varios monólogos para o programa Central de Cómicos. Nesta longa carreira achégase ao milleiro de actuacións en directo.

En radio ten unha dilatada experiencia como colaborador e director de programas de entretemento en diferentes radios de Barcelona e ten colaborado no programa LA VENTANA da Cadena SER. Actualmente colabora en diferentes espazos de RNE e da Radio Galega.

En televisión ten colaborado en programas televisivos da produtora El Terrat como Salvados, Buenas noches y Buenafuente ou En el Aire e noutros da Televisión de Galicia como Land Rober e Luar. Nesta canle protagonizou as series de comedia DO DEREITO E DO REVÉS e AUGASQUENTES.

En cinema participou en películas como BIRD BOX BARCELONA, EL OLIVO ou REC 4. No apartado series, participou en máis dunha decena, entre as que destacan títulos como FARIÑA, EL PUEBLO, RAPA, VIDA PERFECTA, MANO DE HIERRO ou UN ASUNTO PRIVADO.

Alberte tamén é guionista, director e locutor.



HERMANAGER PRODUCCIONES

Xosé Manuel Fernández

xosemanuel@hermanagerproductions.com / 657 014 555